

VIII CAMPUS DE INICIACIÓN AO ATLETISMO MILLARAIO

OBXECTIVOS:

Concebido como ferramenta para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral en épocas non lectivas, ofrece aos xoves atletas do Club a posibilidade de minimizar a perda de contacto co deporte durante as vacacións. Para pequen@s de fóra do Club, é unha opción para ter unha primeira toma de contacto co mundo do atletismo dunha forma lúdica.

Tendo en conta a situación sanitaria actual, priorizaranse as actividades ao aire libre e aquelas que requiran o menor contacto posible, sempre con grupos reducidos.

IDADES: NAD@S ENTRE 2015 E 2009 (AMBOS INCLUÍDOS)

LUGAR BASE:

Zona deportiva de **Milladoiro**.

HORARIOS DO CAMPUS:

1-2, 5-7 de setembro - 8:30-14:30 (chegada: entre 8:30 e 9:00, recollida entre 14:00 e 14:30):

- **CHEGADA e XOGO LIBRE:** de **08:30 a 09:00**
- **ACTIVIDADES:** de **09:00 A 14:00**
- **XOGO LIBRE e RECOLLIDA:** de **14:00 a 14:30**

8 de setembro – Actividade de peche na zona fluvial de Tapia (**horario de tarde**, pendente de confirmar).

Proporcionarase un horario cas actividades concretas na semana anterior ao inicio do campus, no que se indicarán os días de piscina (en función das previsións meteorolóxicas) e as diferentes actividades que se realizarán durante o campus.

PREZO:

- **Socios do club (atletas con licenza 2022): 55 euros**
- **Non socios: 65 euros**

* Desconto do 10% no caso de irmá(n)s que asistan xunt@s

FORMULARIO DE INSCRICIÓN: <https://forms.gle/8SZNRgnwdUNFPgCs7>

Data límite: 22 de agosto

Enviarase confirmación da praza finalizado o prazo de inscrición.

Coa colaboración de:

Unha vez recibida a confirmación da praza, enviar xustificante do pago a millaraio@gmail.com, xunto co documento de declaración responsable e autorizacións debidamente cuberto e asinado.

En caso de non haber suficiente demanda poderase suspender a actividade, devolvéndose as cotas aboadas.

FORMA DE PAGO: INGRESO ou TRANSFERENCIA na conta CAIXABANK: ES88 2100 2954 7202 00247631 (Concepto: Campus Millaraio NOME e APELIDOS nen@).

MATERIAL NECESARIO:

- PARA TODOS OS DÍAS: Roupa e calzado deportivo, auga e merenda para media mañá.
- PARA OS DÍAS DE PISCINA (se o tempo o permite): Toalla, bañador, gorro e chanclas.